



**CONSELLO PARROQUIAL  
LÉREZ  
23/05/16**

**ASISTENTES:**

- Comunidade de Montes
- AAVV S. Bieito de Lérez
- Asociación cultural Stmo. Cristo
- Cofradía do Stmo. Cristo
- Pilar Comesaña
- Demetrio Gómez

O concelleira delegada da parroquia Pilar Comesaña e o concelleiro coordinador do rural Demetrio Gómez reúnese cos membros do consello parroquial de Lérez para presentar as vindeiras obras a realizar na parroquia.

**CALMADO DE TRÁFICO CEIP SAN BIEITO**

Obra contratada á empresa Naturgalia e dará comenzo tan pronto como remate o curso escolar. Ten un orzamento de algo máis de 82.000 € Consta das seguintes fases:

- Sendeiro peonil
- Redutores de velocidade
- Conducción de augas pluviais
- Prohibición de aparcar nas inmediacións da estrada do colexio

**ALCANTARILLADO DO RAMALLÁS**

Despois do acordo cos propietarios das parcelas por onde pasarán as tuberías do saneamento, a empresa Viacua está elaborando o orzamento para que a obra dé comenzo o antes posible.

**ACONDICIONAMENTO ENTRADA RAMALLÁS**

O pasado 26 de abril firmouse a compra dunha pequena casa en ruínas na entrada do barrio (15.000 €). Nos vindeiros meses procederase ao derrumbe da mesma para efectuar ao ensanche da pista e que a zona teña un acceso máis digno. Logo farase unha reunión cos veciños para que decidan a que queren destinar a pequena praza que quedará. Tamén se solicitará a patrimonio o traslado do cruceiro para dita praza, debido a que na súa actual ubicación sofre numerosos golpes por parte dos vehículos que transitan pola zona.

**PARQUES INFANTIL DE MÉDICO BALLINA**

Os técnicos municipais están a piques de rematar o proxecto definitivo despois de introducir as modificacións solicitadas pola asociación de veciños da parroquia. Nos vindeiros días convocarase unha xuntanza cos veciños da zona para presentar o proxecto definitivo. A obra conta cun presuposto aproximado de 120.000 €

**ACONDICIONAMENTO PARQUE INFANTIL CASALNOVO**

A Comunidade de Montes de Lérez e o Concello están negociando a cesión dos terreos dun pequeno parque infantil de Casalnovos para que sexa arranxado. Tamén se necesita unha parcela anexa para que dito parque cumpra a normativa vixente. O propietario está disposto a ceder tamén este terreo ao Concello.

### **CANALETAS CASTELO E CASALNOVO**

Obra xa adxudicada pero que vai ser ampliada notablemente (casi o dobre de canaletas) polo que o proxecto será modificando alcanzando unha inversión aproximada de 200.000 €

### **SEMÁFOROS N-550**

Fai uns días o Ministerio de Fomento firmou o permiso para que o Concello poda colocar os semáforos na N-550 e así os peóns poidan cruzar con máis tranquilidade dita estrada. Actualmente estase redactando o proxecto para comenazar o antes posible os traballos.

### **ASFALTADO FONTAIÑA**

Das obras previstas para os vindeiros meses, ésta será a última en executarse. A intención é que de comenzo este ano.

### **SUXERENCIAS E PETICIÓNS**

O Consello parroquial prioriza como novas actuacións o acondicionamento integral dos barrios de O Ramallás e Casaldourado

- Estudo de tráfico para a posible implantación de direccións únicas onde sexa posible. As pistas dos dous barrios son excesivamente estreitas.
- Asfaltado das zonas onde sexa necesario
- Calmado de tráfico mediante reductores de velocidade